

**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL PDI E PTXAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON FINS DOCENTES (STA) OU DE FORMACIÓN (STT) A PAÍSES ASOCIADOS (ERASMUS+ ACCIÓN KA-171)****CURSO 2024/25**

No marco do programa Erasmus+ (Acción KA-171), a Universidade da Coruña foi beneficiaria dunha axuda finalista do dito programa co obxectivo de financiar estancias de mobilidade de persoal a Brasil, México, Panamá, Chile, Cabo Verde, Ruanda, Mozambique, Kosovo, Montenegro, Bosnia, Albania, Xeorxia, Moldavia, Acerbaixán, Armenia, Bangladesh, Camboxa, Vietnam, China e Tunisia durante o curso 2024/25.

Para seleccionar o persoal docente (PDI) e o persoal de administración e servizos (PTXAS) que se beneficiarán destas bolsas con fins docentes e/ou formativos, a UDC publica esta convocatoria cuxas condicións se basean nos proxectos Erasmus+ 2022-1-ES01 -KA171 -HED-000079144 e 2023-1-ES01-KA171-HED-000120768.

1. OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria é a selección de persoal, tanto PDI como PTXAS, para participar en mobilidades con fins docentes ou formativos no curso 2024/25 baixo o programa Erasmus+ KA-171. O PDI realizará preferentemente mobilidades con fins docentes (STA), aínda que tamén poderá realizar mobilidades formativas (STT). O PTXAS unicamente poderá realizar mobilidades formativas (STT). Nas mobilidades formativas (STT) terá preferencia o PTXAS.

2. OFERTA DE PRAZAS

Na táboa inferior preséntase a oferta de prazas por rexión e país

AMÉRICA LATINA	Número de prazas	Institución
Brasil	1	Associação Pró Ensino em Santa Cruz do Sul
México	3	Universidad de Guadalajara
Panamá	2	Universidad Tecnológica de Panamá
Chile	2	Universidad Adolfo Ibáñez
ÁFRICA SUBSAHARIANA		
Cabo Verde	2	Universidade de Cabo Verde
Ruanda	1	University of Lay Adventists Kigali
Mozambique	1	Universidade Eduardo Mondlane
BALCÁNS ORIENTAIS		
Kosovo	7	Kolegji Universum O.P
Montenegro	5	Javna Ustanova Univerzitet Crne Gore Podgorica Univerzitet Donja Gorica Podgorica
Bosnia e Hercegovina	7	Internacionalni Univerzitet ou Sarajevu Visokoskolska Ustanova Internacionalni Burc Univerzitet
Albania	6	Canadian Institut of Technology Polytechnic University of Tirana
VECÍNANZA LESTE		

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Asinado	Data e hora	19/11/2024 23:52:08
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Páxina	1/16		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



Xeorxia	5	Business and Technology University LLC Caucasus University LTD Ivane Javakhishvili Tbilisi State University
Moldavia	2	Universitatea De Stat Din Moldova Universitatea Libera Internationaladin Moldova Institutie De Invatamint Superior Privata
Acerbaixán	6	Azerbaijan Architecture and Construction University Baku High Oil School
Armenia	4	National Polytechnic University of Armenia Foundation Yerevan State University National University of Architecture and Construction of Armenia Armenian State Pedagogical University after khachatur abovyan foundation
ASIA		
Bangladesh	3	University of Dhaka
Camboxa	2	Bolyno International Group CO LDT Pannasastra University of Cambodia LDT
Vietnam	1	Cong Ty TNHH Dai Hoc Rmit Viet Nam
China	3	Tsinghua University
MEDITERRÁNEO SUR		
Tunisia	1	Université de Sfax

3. REQUISITOS DA PERSOAS SOLICITANTES

O persoal solicitante debe:

1. Formar parte da nómina da Universidade da Coruña nalguna das categorías de persoal docente da UDC ou persoal técnico de administración e servizos, que perciban as súas retribucións con cargo ao capítulo I ou ao capítulo VI do orzamento da UDC. Esta condición terá que se cumprir tanto no momento de solicitar a bolsa como no momento da mobilidade. **Será responsabilidade da persoa candidata comunicarlle á UDC calquera cambio na súa relación laboral antes do inicio da mobilidade. O profesorado emérito tamén pode solicitar estas bolsas.**
2. Solicitar a mobilidade a través do portal electrónico correspondente e achegar o convenio de mobilidade de persoal (segundo o modelo do anexo II para mobilidade STA ou anexo III para mobilidade STT) que inclúe o **programa de docencia/formación con indicación dos días e as horas de docencia/formación homologada polo centro de destino, cun mínimo de 35 días naturais de antelación á data prevista de inicio da mobilidade.** Será responsabilidade do persoal solicitante establecer contacto co profesorado ou administradores/as do centro de destino para acordar as datas da visita e o programa de ensino/formación.
3. Presentar obrigatoriamente, por correo electrónico, **antes do inicio da mobilidade** a copia dunha **póliza de seguro médico** con cobertura durante o período de mobilidade. De acordo co convenio de subvención asinado pola Universidade da Coruña co Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) no marco do Programa Erasmus+, a beneficiaria (UDC) garantirá que as persoas participantes en actividades de mobilidade no estranxeiro teñan unha cobertura de seguro adecuada.

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	2/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTANCIA

1. A duración mínima da actividade en todas as mobilidades é de cinco **(5) días consecutivos** de docencia e/ou formación.
2. O persoal que realice mobilidades STA deberá impartir e certificar **polo menos oito (8) horas de clase semanais**. O persoal que realice mobilidades STT deberá recibir e certificar polo menos **oito (8) horas de formación semanais**.
3. A docencia/formación deberase reflectir nun programa acordado entre o persoal que realizará a estancia e a persoa de contacto no centro de acollida e deberase enmarcar, preferentemente, como unha actividade académica principal ou complementaria, na organización de titulacións oficiais do centro de acollida.
4. A actividade terá que se realizar antes do 15 de xullo de 2025 e o último día hábil para presentar a solicitude será o 31 de maio de 2025. Só por circunstancias excepcionais e acreditadas, que debe valorar a ORI, se poderán realizar as actividades no período 15-31 de xullo.

5. CONDICIÓNS ECONÓMICAS E CANTIDADE DE BOLSAS

Esta convocatoria está financiada con achegas da Comisión Europea segundo o Acordo de subvención 2022-1-ES01-KA171-HED-000079144 e 2023-1-ES01-KA171-HED-000120768. As mobilidades do PDI fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 080A 422D.481.01, por un importe inicial de 75 000,00 €, sen prexuízo de que este importe se poida incrementar en función da dispoñibilidade orzamentaria. As mobilidades do PTXAS fináncianse coa aplicación orzamentaria 080A 422D.482.01 por un importe inicial de 25 000,00 €, sen prexuízo de que este importe se poida incrementar.

1. A mobilidade Erasmus+ con fins docentes ou formativos poderase conceder con ou sen bolsa. A mobilidade sen bolsa denomínase «Bolsa Cero».
2. A mobilidade con bolsa financiada concederase mediante a aplicación dos criterios de selección indicados no apartado 7, ata esgotar os fondos dispoñibles. Financiarase un **máximo de cinco (5) días de actividade e dous (2) días de viaxe**, independentemente da duración total da estancia.
3. A bolsa consiste nunha achega para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención e, por tanto, non está suxeita a retención do imposto sobre a renda.
4. Existen bolsas complementarias para persoas beneficiarias con discapacidade física ou necesidade especial.

Importe da bolsa

As condicións económicas en que se ofertan as prazas dos programas a que se refire esta convocatoria son as seguintes:

- 1) Independentemente do país de destino, as persoas participantes terán dereito a unha bolsa individual de **180 euros por día** de actividade ata un máximo de **5 días financiados** e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de **2 días financiados**.
- 2) Unha axuda de viaxe que varía en función da distancia entre a UDC e o país de destino:

Pais de destino	Axuda de viaxe total para ida e volta
Albania, Bosnia-Herzegovina, Kosovo, Moldavia, Montenegro, Tunisia	360 €
Cabo Verde	530 €

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Data e hora	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	3/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Armenia, Acerbaixán, Xeorxia, Panamá, Ruanda	820 €
Camboxa, Brasil, Chile, China, Vietnam, Bangladesh, Mozambique, México	1 500 €

Participantes con necesidades especiais

Unha persoa con necesidades especiais é a participante potencial cuxa situación física, mental ou sensorial é tal que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha subvención superior ou adicional. Para acceder ás bolsas establecidas no Programa Erasmus+ para persoas con necesidades especiais no ámbito da educación superior, as persoas participantes deberán ter unha discapacidade legalmente recoñecida e cualificada de grao igual ou superior ao 33 por cento, así como cumprir co resto das criterios de elixibilidade establecidos no programa.

Máis información sobre como solicitar estas bolsas para persoas con necesidades especiais na ligazón:
https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_udc/mobilidade_erasmus/necesidades_especiales/

6. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS BOLSAS

1. O pagamento das bolsas realizarase mediante unha transferencia bancaria. A totalidade do importe da bolsa comezase a tramitar no momento da sinatura do convenio financeiro.
2. Deberase reintegrar o importe recibido total ou parcialmente no caso de perder a condición de formar parte da nómina da Universidade da Coruña nalguna das categorías de persoal con dedicación docente (capítulos I e VI dos orzamentos da UDC).
3. No caso de non cumprir total ou parcialmente coa mobilidade ou coas obrigacións previstas deberase devolver total ou parcialmente o importe percibido, segundo corresponda.
4. No marco do programa Erasmus+, as circunstancias de forza maior son motivo de reembolso do importe total da bolsa asignada no caso de que non se realice a mobilidade. As circunstancias de forza maior serán «situacións ou acontecementos imprevistos e excepcionais alleos á vontade da persoa participante que non se deban a un erro ou negligencia da súa parte, e que se produzan durante a mobilidade». No caso de que o/a membro do persoal non puidese completar as actividades planificadas debido a forza maior, este reembolso non será requirido de inmediato. Estes casos comunicarllos inmediatamente o/a participante á ORI, que posteriormente llo comunicará ao SEPIE e quedarán suxeitos á aceptación por escrito da Axencia Nacional.
5. Se á persoa candidata se lle asignou a mobilidade por ter no seu plan de traballo máis días ou horas de docencia/formación que outras persoas concorrentes, terá que a devolver integramente no caso de que finalmente non acredite a realización das actividades (días e/ou horas) ás que se comprometera.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre as persoas candidatas que soliciten unha bolsa para realizar a súa mobilidade Erasmus+ con fins docentes ou formativos realizarase entre aquelas que **conten cun programa de actividades** (segundo o modelo do anexo II ou III) **aprobado polo centro de destino cun mínimo de 35 días naturais de antelación ao comezo da estancia prevista.**

A selección realizarase segundo os criterios seguintes:

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad			Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións				Páxina	4/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



A) Criterios de exclusión:

Só se concederá financiamento para unha mobilidade do persoal con fins de ensino/formación no marco do programa Erasmus+ KA171 cada ano académico. Excepcionalmente, poderase conceder unha segunda ou sucesivas mobilidades con financiamento se na resolución anterior ao mes en que se realizará esta segunda ou sucesivas mobilidades aínda quedasen fondos para financiar as bolsas adicionais solicitadas. Ningunha persoa solicitante dunha segunda ou posterior mobilidade poderá obter financiamento do programa Erasmus+ cando se deba decidir na mesma resolución sobre a súa solicitude e a doutra persoa que non obtivo financiamento no mesmo curso académico.

B) Criterios de prioridade (en orde xerárquica):

1. Daráselle prioridade ao profesorado que forme parte dos programas de ensino en inglés a que se refire o art. 1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, do 18 de xullo de 2024. En bolsas STT daráselle prioridade ao PTXAS sobre o PDI.
2. En defecto destes, daráselles prioridade ás persoas que soliciten por primeira vez financiamento para a súa mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA171. Daráselles a mesma prioridade ás persoas que solicitaron financiamento pero nunca o obtiveron en convocatorias anteriores.
3. En defecto do anterior, terán prioridade as mobilidades con máis horas de docencia/formación.
4. En defecto do anterior, daráselles prioridade en bolsas STA ás solicitudes que cumpran en maior medida os obxectivos do programa de mobilidade Erasmus+ con fins docentes:
 - A participación en programas de estudo conducentes á obtención dun título na institución de destino.
 - A produción de materiais didácticos e a innovación pedagóxica.
 - A consolidación de vínculos entre departamentos e centros, que sexan útiles para preparar futuros proxectos de cooperación.
 - O fomento da formación complementaria para o profesorado da UDC.
5. En todo caso, na mesma resolución, o persoal en activo terá prioridade sobre o emérito.
6. En caso de igualdade de condicións terase en conta a data da solicitude.

No caso de que sexa necesario aplicar o criterio 4 de prioridade para seleccionar as persoas beneficiarias das bolsas, a Comisión poderá solicitar que se proporcione información e documentación de apoio que acredite o grao de cumprimento dos obxectivos especificados no dito criterio.

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección para a repartición de bolsas estará integrada por:

- Moisés Canle López, vicerreitor con competencias en Internacionalización
- Bruno Casal Rodríguez, director da ORI
- Pablo Nieto Mallo, técnico superior da ORI
- Begoña Fernández Hermida, xefa de negociado da ORI

9. RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE E CONCESIÓN DE BOLSAS

A) Como realizar a solicitude en liña e prazo en que se debe presentar:

1. Todas as persoas que soliciten mobilidade deberán cubrir unha única solicitude en liña a través do portal electrónico para persoal saínte no marco da convocatoria Erasmus+ KA171, dispoñible nas seguintes ligazóns (segundo tipo de persoal):

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	5/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





PDI: https://www.udc.es/gl/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/erasmus-ka171/

PTXAS: <https://www.udc.es/gl/ori/infPTGAS/Erasmus-KA171/>

O acceso ao portal onde se presenta a solicitude en liña realizarase coas credenciais de usuario/a da UDC.

2. Antes de comezar a encher a solicitude débense ler atentamente as instrucións que figuran no portal e na solicitude en liña. As solicitudes que non se completen seguindo estas instrucións poderán ser excluídas do proceso de selección.
3. A solicitude deberase cubrir na súa totalidade, co acordo de mobilidade de persoal subido ao portal electrónico, polo menos trinta e cinco (35) días antes do inicio da mobilidade.
4. No caso do PDI que desexa facer valer este mérito, deberá indicar na solicitude en liña que ten asignada docencia en inglés dentro dalgún dos programas de ensino en inglés a que se refire a Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, do 18 de xullo de 2024. A ORI comprobará de oficio esta asignación.

B) Documentación que se deberá achegar coa solicitude en liña:

1. O convenio de mobilidade do persoal (STA ou STT segundo corresponda), de acordo co modelo do anexo II ou III debidamente cuberto e asinado polo centro de destino e pola persoa solicitante.
2. No caso de que o/a candidato/a non teña previsto iniciar a súa viaxe desde A Coruña, deberá achegar un escrito onde explique o motivo desta circunstancia e, na medida do posible, tamén deberá achegar algunha documentación que poida confirmar a cidade de saída e de destino (por exemplo, a reserva do billete de avión ou do medio de transporte que utilice para chegar a destino). Todos os datos de carácter persoal serán tratados de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

C) Prazos de resolución e concesión de bolsas

Os prazos de resolución e publicación de bolsas serán o último día hábil de cada mes para as solicitudes recibidas ata cinco (5) días hábiles antes do día de resolución e publicación. Estas solicitudes deberán **incluir obrigatoriamente os convenios de mobilidade STA/STT previamente aprobados polos centros de destino**. Calquera mobilidade realizada antes da resolución correspondente considerárase mobilidade con «Bolsa Cero».

Por cuestións de peche de exercicio, a resolución de decembro só incluírá aquelas solicitudes recibidas ata cinco (5) días hábiles antes do 13 de decembro, día da resolución e publicación do dito mes.

As concesións comunicaránse por correo electrónico directamente ás persoas interesadas e as resolucións correspondentes tamén se publicarán nas seguintes ligazóns:

PDI: https://www.udc.es/gl/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/erasmus-ka171/

PTXAS: <https://www.udc.es/gl/ori/infPTGAS/Erasmus-KA171/>

10. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico en que será informado da decisión (con ou sen bolsa) da UDC, o persoal seleccionado deberá formalizar a súa aceptación ou renuncia á mobilidade nun prazo máximo de **5 días hábiles**, tal e como se indica na comunicación de concesión.
2. Unha vez aceptada a mobilidade (con ou sen bolsa) e publicada a resolución, as persoas beneficiarias deberán **asinar un convenio financeiro coa Universidade da Coruña antes do inicio da mobilidade**.

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	6/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Este convenio será enviado polo persoal da ORI ao Portafirmas institucional da UDC e as persoas beneficiarias deberano asinar electronicamente nesta plataforma o máis axiña posible e, en todo caso, antes do inicio da mobilidade.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Antes da mobilidade:

Presentar obrigatoriamente por correo electrónico a iro@udc.es, antes do inicio da súa mobilidade, a **copia dunha póliza de seguro médico** con cobertura durante o período de mobilidade.

Despois da mobilidade:

Nun prazo máximo de 10 días naturais desde a finalización da estancia, a persoa beneficiaria da mobilidade Erasmus+ deberá presentar na ORI a seguinte documentación:

- A xustificación orixinal do desprazamento** (preferiblemente, as tarxetas de embarque, o billete de tren, os recibos de autoestrada etc.).
- O certificado orixinal de fin de estancia**, segundo o modelo do anexo I, debidamente cuberto e asinado polo centro de acollida.
- No caso de que o/a participante non iniciase a súa viaxe desde A Coruña, deberá entregar tamén o billete de avión ou o medio de transporte que utilizou para chegar ao seu destino.

Ademais, deberá elaborar un **informe final (cuestionario UE)** sobre as actividades realizadas, segundo o modelo que se lle facilitará **a través da aplicación Beneficiary Module**. Para os efectos de completar este informe, o persoal recibirá un correo electrónico da plataforma *Beneficiary Module* con instrucións sobre o procedemento e o prazo para o realizar.

12. PERÍODO DE VIXENCIA DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria permanecerá aberta desde o primeiro día da súa publicación na páxina web da ORI ata o **31 de maio de 2025**, aínda que as mobilidades solicitadas dentro deste prazo se poderán realizar ata o 15 de xullo de 2025. Só por circunstancias excepcionais e acreditadas, que debe valorar a ORI, se poderán realizar as actividades no período 15-31 de xullo.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), comunicámoslle que os datos facilitados pola persoa interesada ao participar nesta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seus datos de contacto en Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. Solicitar unha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, para os efectos da xestión adecuada das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprarán

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	7/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Ao participar nesta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e no Padroado Oficial da Sede electrónica da UDC, segundo o establecido na disposición adicional 7ª de Orgánico. Lei 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria será publicada nos devanditos Consellos. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en calquera caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na Orgánica de Datos. Lei. Protección persoal. A persoa interesada consente o tratamento dos seus datos co obxecto de cumprir a finalidade descrita nesta convocatoria e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Vostede ten dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao mencionado tratamento, así como a solicitar, salvo en casos de interese público e/ou exercicio do poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude dirixida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001. A Coruña ou por correo electrónico rpdc@udc.gal, con referencia a «protección de datos», mediante unha carta asinada para o efecto acompañada da fotocopia do seu DNI. Tamén pode enviar esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal indicado anteriormente, ou ao enderezo de correo electrónico dpc@udc.gal. Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para máis información:

Oficina de Relacións Internacionais

Casa do Lagar

Campus de Elviña.

Tel: 981 167 000 (ext. 1959) - Correo electrónico: iro@udc.gal

O reitor

Ricardo Cao Abad

ANEXOS

Anexo I: Modelo de certificado de fin de estancia STA/STT

Anexo II: Modelo de acordo de mobilidade de persoal docente STA

Anexo III: Modelo de contrato de formación STT

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	8/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I – Modelo de certificado de fin de estadia *con fins docentes*

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:

.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr./Ms.....

from the UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(name of the home institution)

performed the teaching assignment specified under the ERASMUS+ programme (Staff mobility for teaching) at our institution

☐ In presence mobility

☐ Virtual mobility

on the following specific days (*min. 5 consecutive working days*):

_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year

(add lines if required)

Total teaching hours performed: _____ (min. 8 hours/week)

Date

Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function:

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	9/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Modelo de certificado de estadia

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:

.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr./Ms.

From the UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(Name of the home institution)attended the training activities specified under the ERASMUS+ programme (Key Action I.
Staff mobility for training) at our institution / enterprise☐ from _____, _____, _____ to _____, _____, _____
day month year day month year☐ on the following specific days: _____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year

The travelling dates were:

First travel date _____, _____, _____ ☐ Due to travelling hours, no training
day month year arrangements could be done on this date.Return travel date _____, _____, _____ ☐ Due to travelling hours, no training
day month year arrangements could be done on this date.-----
Date-----
Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function:

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	10/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Mobility Agreement Staff Mobility For Teaching¹

Planned period of the teaching activity: from [day/month/year] till [day/month/year]

Duration (days) – excluding travel days:

The teaching staff member

Last name (s)		First name (s)	
Seniority ²		Nationality ³	
Sex [M/F]		Academic year	20../20..
E-mail			

The Sending Institution/Enterprise⁴

Name	UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
Erasmus code ⁵ (if applicable)	E LA-CORU01	Faculty/Department	
Address	Casa do Lagar Campus de Elviña 15071 A Coruña	Country/ Country code ⁶	SPAIN - ES
Contact person name and position	Bruno Casal Erasmus Institutional Coordinator	Contact person e-mail / phone	iro@udc.es +34881011959
Type of enterprise: NACE code ⁷ (if applicable)		Size of enterprise (if applicable)	☐ <250 employees ☒ >250 employees

The Receiving Institution

Name		Faculty/Department	
Erasmus code (if applicable)			
Address		Country/ Country code	
Contact person name and position		Contact person e-mail / phone	

For guidelines, please look at the end notes on page 3.

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	11/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Section to be completed BEFORE THE MOBILITY

I. PROPOSED MOBILITY PROGRAMME

Main subject field⁸:

Level (select the main one): Short cycle (EQF level 5) ☐; Bachelor or equivalent first cycle (EQF level 6) ☐; Master or equivalent second cycle (EQF level 7) ☐; Doctoral or equivalent third cycle (EQF level 8) ☐

Number of students at the receiving institution benefiting from the teaching programme:

Number of teaching hours:

Language of instruction:

Overall objectives of the mobility:

Added value of the mobility (in the context of the modernisation and internationalisation strategies of the institutions involved):

Content of the teaching programme:

Expected outcomes and impact (e.g. on the professional development of the teaching staff member and on the competences of students at both institutions):

II. COMMITMENT OF THE THREE PARTIES

By signing⁹ this document, the teaching staff member, the sending institution/enterprise and the receiving institution confirm that they approve the proposed mobility agreement.

The sending higher education institution supports the staff mobility as part of its modernisation and internationalisation strategy and will recognise it as a component in any evaluation or assessment of the teaching staff member.

The teaching staff member will share his/her experience, in particular its impact on his/her professional development and on the sending higher education institution, as a source of inspiration to others.

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	12/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





The teaching staff member and the beneficiary institution commit to the requirements set out in the grant agreement signed between them.

The teaching staff member and the receiving institution will communicate to the sending institution/enterprise any problems or changes regarding the proposed mobility programme or mobility period.

The teaching staff member

Name:

Signature:

Date:

The sending institution/enterprise

Name of the responsible person: Erasmus Institutional Coordinator

Signature: Bruno Casal

Date:

The receiving institution

Name of the responsible person:

Signature:

Date:

¹ Adaptations of this template:

- In case the mobility combines teaching and training activities, **this template** should be used and adjusted to fit both activity types.
- In the case of mobility between **Programme and Partner Country HEIs**, this agreement must be always signed by the staff member, the Programme Country HEI and the Partner Country HEI (three signatures in total).
- In the case of **invited staff from enterprises to teach in Partner Country HEIs**, this agreement must be signed by the participant, the Programme Country HEI as beneficiary; the Partner Country HEI receiving the staff member and the Programme Country enterprise (four signatures in total). An additional space will be added for signature of the Programme Country HEI organising the mobility.
- For **invited staff from enterprises to teach in Programme Country HEIs**, it will be sufficient with the signature of the staff member, the Programme Country HEI and the sending organisation (three signatures in total, same as in mobility between Programme Countries).

² **Seniority:** Junior (approx. < 10 years of experience), Intermediate (approx. > 10 and < 20 years of experience) or Senior (approx. > 20 years of experience).

³ **Nationality:** Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.

⁴ All references to "**enterprise**" are only applicable to mobility for staff between Programme Countries or within Capacity Building projects.

⁵ **Erasmus Code:** A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education receives. It is only applicable to higher education institutions located in Programme Countries.

⁶ **Country code:** ISO 3166-2 country codes available at: <https://www.iso.org/obp/ui/#search>.

⁷ The top-level NACE sector codes are available at http://ec.europa.eu/eurostat/ramon/nomenclatures/index.cfm?TargetUrl=LST_NOM_DTL&StrNom=NACE_R_EV2&StrLanguageCode=EN

⁸ The **ISCED-F 2013 search tool** (available at http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm) should be used to find the ISCED 2013 detailed field of education and training.

⁹ Circulating papers with original signatures is not compulsory. Scanned copies of signatures or electronic signatures may be accepted, depending on the national legislation of the country of the sending institution (in the case of mobility with Partner Countries: the national legislation of the Programme Country).

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	13/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Mobility Agreement Staff Mobility For Training¹

Planned period of the training activity: from [day/month/year] till [day/month/year]

Duration (days) – excluding travel days:

The Staff Member

Last name (s)		First name (s)	
Seniority ²		Nationality ³	
Sex [M/F]		Academic year	20../20..
E-mail			

The Sending Institution

Name	UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
Erasmus code ⁴ (if applicable)	E LA-CORU01	Faculty/Department	
Address	Casa do Lagar Campus de Elviña 15071 A Coruña	Country/ Country code ⁵	SPAIN - ES
Contact person name and position	Bruno Casal Erasmus Institutional Coordinator	Contact person e-mail / phone	iro@udc.es +34881011959

The Receiving Institution / Enterprise⁶

Name			
Erasmus code (if applicable)		Faculty/Department	
Address		Country/ Country code	
Contact person, name and position		Contact person e-mail / phone	
Type of enterprise: NACE code ⁷ (if applicable)		Size of enterprise (if applicable)	☐ <250 employees ☐ >250 employees

For guidelines, please look at the end notes on page 3.

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	14/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Section to be completed BEFORE THE MOBILITY

I. PROPOSED MOBILITY PROGRAMME

Language of training:

Overall objectives of the mobility:

Training activity to develop pedagogical and/or curriculum design skills:

Yes ☐ No ☐

Added value of the mobility (in the context of the modernisation and internationalisation strategies of the institutions involved):

Activities to be carried out:

Expected outcomes and impact (e.g. on the professional development of the staff member and on both institutions):

II. COMMITMENT OF THE THREE PARTIES

By signing^a this document, the staff member, the sending institution and the receiving institution/enterprise confirm that they approve the proposed mobility agreement.

The sending higher education institution supports the staff mobility as part of its modernisation and internationalisation strategy and will recognise it as a component in any evaluation or assessment of the staff member.

The staff member will share his/her experience, in particular its impact on his/her professional development and on the sending higher education institution, as a source of inspiration to others.

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	15/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





The staff member and the beneficiary institution commit to the requirements set out in the grant agreement signed between them.

The staff member and the receiving institution/enterprise will communicate to the sending institution any problems or changes regarding the proposed mobility programme or mobility period.

The staff member

Name:

Signature:

Date:

The sending institution/enterprise

Name of the responsible person: Erasmus Institutional Coordinator

Signature: Bruno Casal

Date:

The receiving institution

Name of the responsible person:

Signature:

Date:

¹ Adaptations of this template:

- In case the mobility combines teaching and training activities, **the mobility agreement for teaching template** should be used and adjusted to fit both activity types.
- In the case of **mobility between Programme and Partner Countries**, this agreement must be always signed by the staff member, the Programme Country HEI as beneficiary and the Partner Country HEI as sending or receiving organisation. In case of mobility from Partner Country HEIs to Programme Country enterprises the last box should be duplicated to include the signature of the Programme Country HEI (the beneficiary) and the receiving organisation (four signatures in total).

² **Seniority:** Junior (approx. < 10 years of experience), Intermediate (approx. > 10 and < 20 years of experience) or Senior (approx. > 20 years of experience).

³ **Nationality:** Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.

⁴ **Erasmus Code:** A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education receives. It is only applicable to higher education institutions located in Programme Countries.

⁵ **Country code:** ISO 3166-2 country codes available at: <https://www.iso.org/obp/ui/#search>.

⁶ All references to "enterprise" are only applicable to mobility for staff between Programme Countries or within Capacity Building projects.

⁷ The top-level NACE sector codes are available at http://ec.europa.eu/eurostat/ramon/nomenclatures/index.cfm?TargetUrl=LST_NOM_DTL&StrNom=NACE_REV2&StrLanguageCode=EN

⁸ Circulating papers with original signatures is not compulsory. Scanned copies of signatures or electronic signatures may be accepted, depending on the national legislation of the country of the sending institution (in the case of mobility with Partner Countries: the national legislation of the Programme Country).

Código Seguro De Verificación	VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/11/2024 23:52:08
Observacións		Páxina	16/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VU3jV5N64+Dbb9W16+3v7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

